



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2023-2024

Materia/Área	ORIENTACIÓN
---------------------	--------------------

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Xefe/a do departamento	Materias/Áreas
Ana Belén García Caruncho	Orientación
Membros do departamento	
M ^a del Pilar Rosales Ramallo	Mestra PT
Irene Patiño Castro	Ámbito Lingüístico-Social
M ^a Mercedes Leira Martínez	Ámbito Científico-Matemático
Rosa M ^a García García	Titora 1º ESO
Jesús Escaríz Quintás	Titor 3º ESO
M ^a Teresa Gómez Cheda	Titora 1º Bacharelato



INDICE:

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:
 - 1.1. Contexto legal
 - 1.2. O noso centro
 - 1.3. O Dpto. Orientación

2. OBXECTIVOS:
 - 2.1. Obxectivos referidos ao Centro
 - 2.2. Obxectivos referidos ao alumnado
 - 2.3. Obxectivos referidos ao profesorado
 - 2.4. Obxectivos referidos ás familias

3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:
 - 3.1. Planificación xeral
 - 3.2. Liñas prioritarias de actuación

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:
 - 4.1. Estratexias referidas ao alumnado
 - 4.2. Estratexias referidas ás relacións titor/a-profesorado e titor/a-familia.

5. METODOLOXÍA E RECURSOS. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

6. TEMPORALIZACIÓN

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

ANEXO: PLAN DE ACTUACIÓN DOS CENTROS ADSCRITOS



Sinalar que na Orde do 24 de xullo de 1998, queda establecido, no seu artigo 15º, a estrutura dos plans de orientación. Será esta estrutura a que tentará seguir o presente plan.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

1.1 Contexto legal.

O presente plano de Orientación para o I.E.S. de Catabois fundaméntase, entre outros, nos seguintes textos legais:

- Decreto 120/1998 polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia, así como a Orde 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma galega.
- Decreto 229/2011, 7 decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, nos que se imparten ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006 de 3 de maio.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Resolución 6 de xuño 2023 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023-24



- Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obligatoria. (LOMLOE)
- Decreto 156/2022 polo que se establece o currículo da ESO, e Orde 26 maio de 2023 que desenvolve o anterior decreto e regula a avaliación na ESO.
- Decreto 157/2022 polo que se establece o currículo de Bacharelato, e Orde 26 maio de 2023 que desenvolve o anterior decreto e regula a avaliación no Bacharelato.

1.2. O noso Centro.

O centro está situado no barrio periférico de Catabois, do Concello de Ferrol. Ó IES acoden alumnos do medio rural e urbano e conta cun porcentaxe de alumnado de etnia xitana de arredor do 15% (este alumnado é, maioritariamente procedente dos campamentos próximos ao centro).

A maioría das familias encadraríanse dentro da clase media ou media-baixa, podendo observarse en varias delas certa depravación de tipo cultural e/ou económica.

O Concello de Ferrol conta cunha boa dotación de servizos para a comunidade. Estes servizos serán demandados cando a actividade orientadora do centro así o precise.

Estudos que se imparten:

No centro impártense os estudos da ESO, 2 programas formativos, un de comercio-almacén e outro de industrias alimentarias e por segundo ano o Bacharelato.

Ademais das MAD de tipo xeral, o centro conta con un programa de diversificación curricular en 3º curso.



Alumnado

O número de alumnado é duns 166, repartidos deste xeito:

* 99 na ESO,

- 23 alumnos/as en 1º ESO
- 26 alumnos/as en 2º ESO
- 24 alumnos/as en 3º ESO
- 26 alumnos/as en 4º ESO

* 31 alumnxs en Bacharelato, 18 en 1º Bach e 13 en 2ºBach.

* O resto do alumnado pertence aos Programas Formativos Básicos (15 no de Comercio-Almacén e 15 no de Industrias alimentarias).

Profesorado

O claustro está formado por 23 profesores/as, dos cales un, o profesor de relixión comparte con outro centro da comarca. Para atender ás necesidades do alumnado contamos con unha Auxiliar Técnico educativo e unha mestra especialista en PT. Temos solicitados docentes de reforzo en aula a través da convocatoria PROA, e temos tamén dúas auxiliares de conversa que se incorporarán en outubro. Temos unha docente UACO-Rita López Castro.

1.3. O Departamento de Orientación.

Composición:

Para desenvolver o presente Plan Anual o Departamento de Orientación do noso centro está composto polos seguintes membros:

Mª del Pilar Rosales Ramallo	Mestra PT
Irene Patiño Castro	Ámbito Lingüístico-Social
Mª Mercedes Leira Martínez	Ámbito Científico-Matemático
Rosa Mª García García	Titora 1º ESO
Jesús Escaríz Quintás	Titor 3º ESO
Mª Teresa Gómez Cheda	Titora 1º Bacharelato



Xefas/es do departamento de orientación dos seguintes centros adscritos:

- CEIP de Pazos.
- CEIP San Xoán de Filgueira
- CEIP Juan de Lángara.

Funcionamento:

A posta en marcha do plan anual de orientación levarase a cabo implicando non só ós integrantes do Departamento, senón todo o profesorado e ás familias.

A labor de intervención vai dirixida principalmente á prevención de dificultades sen esquecer a función compensadora, incidindo principalmente no contexto escolar e social do alumnado.

A función orientadora, levase a cabo do seguinte xeito:

- Reunión mensual cos membros do Departamento.
- Reunións semanais coa mestra de pedagogía terapéutica e outros especialistas (ATE e profesorado PROA).
- Reunión semanal xefatura estudos, orientadora e titores/as.

Tentarase en todo momento de favorecer un clima de cooperación, diálogo e participación tanto na relación entre o alumnado como entre o profesorado. **O departamento de orientación pretende ser unha entidade colaboradora en todo momento con calquera membro da comunidade educativa,** así como estar dispoñible para calquera iniciativa proposta por titores/as, profesorado, familias e/ou alumnado.

Agora ben, o anterior non exime de que se dan situacións que requiran unha atención máis individual con docentes, alumnado e familias. Ambas perspectivas, o traballo en grupo e a atención personalizada deben complementarse.



2.- OBXECTIVOS.

2.1.- Obxectivos referidos ao Centro.

- De ser necesario, colaborar co equipo Covid.
- Deseñar, partindo das propostas da CCP e do análise do contexto, o PAT, coa programación de actividades para cada nivel.
- Cooperar coa comunidade educativa (Equipo directivo, profesorado, alumnado, familias).
- Coordinarse con outros departamentos de orientación da zona de cara ó intercambio de información e materiais, coa posibilidade de levar a cabo algún programa conxuntamente.
- Favorecer a coordinación con outros servicios da comunidade que redunden no desenvolvemento e no beneficio do noso alumnado (Concellos de Ferrol e Narón, Servicios Sociais dos ditos Concellos, Servicio Galego de Colocación, SERGAS, EOE, ASPANEPS, Secretariado Xitano, ONG Acción Familiar, TEIMA, centro "Quérote"...).
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas participes daqueles aspectos da orientación educativa que lles son propios.

2.2.- Obxectivos referidos ao alumnado.

- Colaborar co equipo Covid se fose necesario, na identificación das necesidades de protección e hixiene do alumnado con NEE.
- Deseñar actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.
- Contribuír á personalización e individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe, impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe e fomentando o principio de equidade. Continúase co programa PROA + e solicítouse profesorado de apoio PROA. Vanse solicitar tamén varios contratos programa CP Inclúe e CP Innova.
- Apoiar o desenvolvemento das competencias clave no alumnado.
- Cooperar na integración do alumnado no seu grupo e no centro e previr o acoso escolar. Continuarase co programa TEI.



-Fomentar no alumnado as actitudes participativas no centro e no seu contorno sociocultural.

-Facilitar a orientación académica e profesional do alumnado do centro, asesorando para unha toma de decisións reflexiva e autónoma. Solicítouse a participación no programa “Que non te líen, ti elixes” (programa dirixido ao alumnado de 3º e 4º de ESO para favorecer a orientación vocacional libre de estereotipos na elección de itinerarios formativos enfocados nos ciclos de formación profesional con menor presenza de mulleres.)

-Fomentar no alumnado o esforzo, a responsabilidade e a reflexión sobre as súas actuacións.

-Contribuír a prevención do absentismo escolar e do abandono temperá do sistema educativo de todo o alumnado, e especialmente do alumnado de etnia xitana. Solicitarase o Contrato Programa Quéda-T destinado á prevención do absentismo e do abandono temperán, e seguirase a colaborar con Secretariado Xitano, coa ONG Acción Familiar e este curso colaborarase tamén con un equipo técnico do concello de Ferrol.

-Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten.

-Organizar a atención do alumnado que presenta NEAE e realizar o seguimento e a avaliación destas MAD.

-Favorecer o desenvolvemento persoal e social do alumnado dos programas formativos cara a súa inserción ao mundo laboral.

-Promover a reflexión do alumnado sobre aspectos importantes e problemáticos da xuventude: accidentes de tráfico, educación afectivo-sexual, abuso das tecnoloxías, perigos das redes sociais e internet...

-Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención (reforzos, organización dos apoios, agrupamentos, ACS, PDC programas de enriquecemento curricular...).

-Fomentar a continuación no sistema educativo e na formación do alumnado.

-Promover a inserción laboral e a continuación de estudos (graduado en ESO, acceso a ciclos) no alumnado dos programas formativos.



2.3.- Obxectivos referidos ao profesorado.

-Coordinar a actuación do profesorado co Dpto. de Orientación, de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.

-Fomentar o proceso de avaliación formativa e orientadora de cada grupo e a auto-avaliación.

-Asesorar ó profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do seu traballo.

-Impulsar a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.

-Detectar as necesidades que teñan os/as titores/as para levar a cabo a función tutorial, colaborando con eles para a súa resolución.

-Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, materiais didácticos e estratexias metodolóxicas que podan favorecer a súa labor docente e orientadora.

-Asesorar ó profesorado na organización e agrupamento do alumnado, con especial atención ó tratamento flexible ante a diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.

-Establecer pautas xerais de actuación e criterios de organización das MAD.

-Colaborar co profesorado na avaliación inicial das competencias clave, no fomento das mesmas e no coñecemento inicial do alumnado de novo ingreso con necesidades específicas de apoio educativo.

-Asesorar ó profesorado para coñecer a metodoloxía e recursos a utilizar na adquisición de hábitos de estudo, orientación para a vida, TTI, habilidades e estratexias de aprendizaxe no alumnado, así como o modo de insertalas no currículo ordinario.

-Colaborar co profesorado na mellora da convivencia e na resolución pacífica de conflitos.



2.4.-Obxectivos referidos ás familias.

- Contribuír ao establecemento de relacións fluídas centro-familia.
- Fomentar a participación das familias nas diferentes actividades do centro, e fomentar a implicación no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as, algunhas destas actuacións van estar reflectidas nos distintos Contratos Programa.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Establecer contactos periódicos coas familias coa finalidade de asumir conxuntamente a orientación educativa e a educación dos/as seus fillos/as.
- Informar e asesorar ás familias, de maneira especial ás de alumnos/as con NEAE.
- Asesorar de xeito individualizado ás familias do alumnado proposto para MAD: ACS, PDC e FPB, PF...é ao resto das familias cando sexa necesario.

3.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

3.1. Planificación xeral.

Os obxectivos sinalados no apartado anterior pódense agrupar en tres ámbitos de intervención que marcarán a intervención do departamento:

1º.- Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.- O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, facilitando recursos e estratexias que incidan nos ámbitos que manifestan a diversidade (a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos alumnos/as...)

Neste ámbito sitúase tamén: o estudo das MAD, e do alumnado que presenta NEAE, e o asesoramento ao profesorado sobre a orientación e tratamento do alumnado con NEAE.

A planificación xeral deste ámbito establécese nas reunións do DO, da CCP e da orientadora coa XE ou dirección.



2º.- Acción tutorial.- A función tutorial forma parte da función docente e debe incorporar aqueles elementos que van máis alá do académico e que poden axudar ó desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables.

Aínda que todo profesor/a na súa propia tarefa docente ten implícita a función tutorial, esta queda representada na figura do titor ou titora, sendo o DO un medio de colaboración e asesoramento para apoiar as accións referentes a esta labor.

Tentaremos, dende a tutoría, de impulsar actividades que busquen dar resposta ás necesidades individuais, grupais e sociais que xurdan (ex.: resolución pacífica de conflitos, técnicas e hábito de estudo, igualdade entre homes e mulleres, respecto pola diversidade afectivo-sexual, autoestima, empatía, educación afectivo sexual, prevención do abuso no consumo de alcohol e tabaco, valores, información académica e toma de decisións...). O anterior buscará a prevención de dificultades e o desenvolvemento integral de todo o alumnado.

Este ámbito organízase nas reunións da orientadora cos/coas titores/as de cada nivel educativo e cos titores dos programas formativos.

3.- Orientación académico-profesional.- ten por obxecto propiciar no alumnado unha reflexión sobre as súas preferencias académico-profesionais. Deste xeito poderá formular, de forma autónoma e reflexiva, a súa decisión persoal, decisión que deberá concretar nun plan ou proxecto de futuro. O proceso de toma de decisións, tendente á auto-orientación, será realizado polo propio alumnado, nunca por outros membros da comunidade educativa (pais/nais, profesor/a, titor/a, orientadora), que si teñen, en cambio, a responsabilidade de ofrecerlle a orientación, asesoramento e información que precisen para levalo a cabo.

Contribuiremos en aumentar o coñecemento das diferentes opcións académicas e profesionais, e que as eleccións que xurdan non se realicen en función do sexo, orixe, etc. Este ámbito ten a súa planificación xeral nas sesións de tutoría e nas intervencións directas ou telemáticas da orientadora.



3.2. Liñas prioritarias de actuación.

Baseándonos nas liñas de actuación que veñen marcadas polas diferentes circulares referidas á orientación, e na análise das necesidades do centro, marcaremos os seguintes obxectivos específicos para o vindeiro curso, atendendo aos seguintes niveis de actuación: o centro, o profesorado, o alumnado e a familia

A nivel do centro:

- Colaborar, de ser necesario, co equipo Covid.
- Reforzar as actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas.**
- Asesorar na CCP para o establecemento e/ou mellora de medidas de reforzo educativo e de atención á diversidade que podan mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave.
- Promover a realización de actividades de orientación e información profesional fundamentalmente co alumnado de 3º e 4º da ESO, Bacharelato e Programas Formativos que se adiantará ao 1º trimestre.
- Colaborar coa dirección do centro na orientación e divulgación da oferta formativa que existe no centro.
- Colaborar con outras institucións e axentes externos ao centro cando sexa necesario e así o demanden.
- Dixitalizar a documentación, na medida do posible, para reducir o consumo de papel.

A nivel do profesorado:

- Asesorar ós departamentos didácticos para unha mellor coordinación das ensinanzas de cada curso.
- Asesorar a titores/as e profesorado en xeral sobre as MAD.



- ❑ Apoiar aos titores/a e ao profesorado na súa labor, asesorando e proporcionando o material preciso para o seguimento individualizado do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado
- ❑ Colaborar na realización da avaliación inicial do alumnado de primeiro de E.S.O. e do alumnado de nova incorporación para conseguir unha identificación temperá das necesidades.

A nivel de alumnado:

- ❑ Colaborar de ser necesario, co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene do alumnado con NEE.
- ❑ **Deseñar accións que promovan a educación para a saúde** (e de ser necesario que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19), **prestarase unha atención especial ao mantemento dun bo estado emocional.**
- ❑ Realizar as avaliacións psicopedagóxicas nos casos que se requira.
- ❑ Axudar á integración no grupo e no centro do alumnado novo.
- ❑ Deseñar accións encamiñadas a desenvolver os hábitos de traballo, a motivación cara ao estudo .
- ❑ Contribuír á mellora do clima de convivencia nas aulas entre o alumnado.
- ❑ Contribuír para o desenvolvemento pleno das súas capacidades e da súa personalidade, tendo en conta a vertente persoal, escolar e vocacional.
- ❑ **Promover a formación en igualdade entre mulleres e homes en tódolos cursos.**



- Fomentar a coeducación promovendo valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.**

A nivel de familias:

- Establecer canles de comunicación efectiva que repercutan positivamente no desenvolvemento do alumnado.**
- Asesorar e dar información sobre o desenvolvemento dos seus fillos e fillas na escola.
- Colaborar e dar información sobre os momentos críticos de desenvolvemento dos seus fillos e fillas, e especialmente ao remataren a educación secundaria obrigatoria.

A nivel do entorno

- Promover o coñecemento da oferta formativa do centro, e a oferta educativa xeral, para que todos aqueles que queiran retomar os estudos teñan a mellor información posible.
- Colaborar cos Servizos Sociais dos Concellos de Ferrol, Narón e aqueloutros que fose necesario.
- Colaborar coas Asociacións e organismos que nos axuden a mellorar a atención educativa ao noso alumnado (Fundación Secretariado Xitano, ONG Acción Familiar, e outros...)
- Coordinación interinstitucional co obxecto de **difundir e intercambiar boas prácticas respecto da introdución do enfoque de xénero nos diferentes ámbitos e programas desenvolvidos.**



4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

4.1.- Estratexias referidas ó alumnado.-

4.1.1.- Realización da avaliación e integración inicial do alumnado:

A comezo do curso o /a titor/a, en colaboración co DO recollerán información do alumnado procedente do expediente e do titor/a anterior e realizará actividades de acollida, sobre todo para o alumnado de novo ingreso no Centro. Priorizarase o aspecto emocional do alumnado.

Ademais, no primeiro tramo do curso escolar deberase comentar co alumnado os seus dereitos e deberes, así como a informarles do funcionamento do Centro.

Unha vez que o grupo se coñeza, levar a cabo a elección de delegado/a da clase, facendo unha análise do perfil e explicando as funcións que debe desempeñar.

Proporcionar ó alumnado e ás familias, información referente a calendario, horarios, horas de titoría, criterios de avaliación e promoción e titulación...

Coñecer a situación de cada alumno/a no grupo, no centro e no seu entorno familiar e social, intervindo para favorecer a súa integración escolar, fomentando a súa participación nas actividades do centro.

Coñecer as características do grupo titorizado, a través da análise do seu historial académico, da información recibida do profesorado de cursos anteriores e de cuestionarios e rexistros. É importante coñecer a dinámica interna do grupo e intervir, se fose preciso, para recompoñela ou melloralala. O sociograma, a observación sistemática e outras técnicas grupais, serán de grande utilidade.

O/a profesor/a titor/a informará ó resto do equipo de profesores do nivel daqueles datos que sexan significativos para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe ou da integración grupal do alumnado. Así mesmo informará ás familias das medidas adoptadas para a corrección das dificultades detectadas.

Nos grupos de Programas Formativos este coñecemento e avaliación inicial é mais importante se cabe, pois trátase dun grupo moi heteroxéneo e que en algúns casos non se coñecen previamente. Por iso, levarase a cabo unha valoración inicial das competencias clave e incidirase no primeiro mes de



titoría, sobre actividades de coñecemento, integración no centro e formación de grupo.

4.1.2.- Detección e avaliación das NEAE do alumnado:

Os equipos docentes e o DO colaborarán para unha pronta detección das posibles necesidades de apoio do alumnado. Trátase de buscar as respostas educativas máis axeitadas e de propiciar unha rápida intervención. Na *sesión de avaliación inicial* será o momento de tomar as primeiras decisións sobre medidas de atención á diversidade. Nas sucesivas sesións de avaliación, realizarase o seguimento das medidas tomadas e decidirse sobre as modificacións que se estimen oportunas.

A orientadora realizará as avaliacións psicopedagóxicas, do alumnado con NEAE de nova incorporación e o seguimento e actualización das do alumnado, xa escolarizado, que así o precise. Tamén coordinará, xunto coa xefatura de estudos, a atención á diversidade.

Así mesmo, a orientadora, en colaboración coa mestra de PT, os mestres de apoio, os docentes de PROA e os respectivos titores/as, realizarán o seguimento da atención do alumnado con NEAE.

O DO participará activamente na avaliación, deseño e seguimento das MAD que se podan organizar.

4.1.3. Deseñar accións que promovan a educación para a saúde prestando unha atención especial ao mantemento dun bo estado emocional, (de ser

necesario incluíranse medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19)

Planificaranse actividades para detectar o impacto emocional que puido supoñer no alumnado a corentena, quizais a enfermidade ou perda dun ser querido.. pois sen un bo estado emocional non se pode aprender. De ser necesario organizaranse tamén distintas actividades en colaboración con profesorado de distintos departamentos que promovan a prevención fronte a virus e a saúde.



4.1.4. Habilidades e métodos de estudio e aprendizaxe.-

É labor de todo o equipo docente dos diferentes grupos, prestar axuda ao alumnado para que adquira procedementos axeitados de traballo intelectual. A través de diferentes metodoloxías ou incluso a través de material específico, tentarase que todo o alumnado deba ir adquirindo estratexias ou procedementos para “aprender a aprender” en cada unha das distintas áreas do currículo. Buscarase como finalidade a de facilitarlle ó acceso á información e ampliar a súa formación de xeito autónomo.

Así mesmo, se así se considerase necesario, levaranse a cabo programas de técnicas e métodos de estudio nas sesións destinadas a titoría, realizando un seguimento da planificación e o hábito de estudo en colaboración coas familias.

O traballo cara o fomento da competencia clave de aprender a aprender é especialmente importante no alumnado dos PF e así contará cunha metodoloxía que fomente o traballo cooperativo e tamén autónomo con procura de información e tratamento da mesma.

4.1.5.- Ensinar a convivir e ensinar a comportarse

O obxectivo fundamental neste ámbito é o desenvolvemento das competencias clave social e cívica, e polo tanto a mellora da convivencia, o desenvolvemento persoal e social do alumnado, e a promoción de condutas tolerantes.

Poñer en práctica o Programa de habilidades sociais e diferentes dinámicas grupais, que permitan ao alumnado desenvolver competencias clave de comunicación e relación e establecer relacións máis positivas cos demais, respectando e recoñecendo a diversidade cultural.

Insistiremos nas habilidades de resolución pacífica de conflitos, na reflexión sobre o propio comportamento, no autocontrol, na autoestima, na promoción da igualdade entre sexos, no fomento do esforzo, no desenvolvemento de valores e na prevención de hábitos negativos no tempo de lecer.

A estratexia fundamental neste apartado é a promoción da *reflexión* do alumnado sobre estes temas e sobre o seu propio comportamento tanto nas



sesións de titoría (con actividades específicas) como na aula e no tempo de lecer.

Un grupo de profesoras e profesores imos participar no CP Convive-T deseñando e organizando actividades en prol da convivencia.

4.1.6.- Orientación académico-profesional

O alumnado, a partir do seu ingreso na ESO, vai ter que facer diversas eleccións académicas, fundamentalmente referidas a: optatividade, itinerarios académicos, modalidades de bacharelato, coñecemento da FP, posibilidades para o alumnado que non titula, transición á vida profesional.

A labor titorial deberá centrarse en profundizar no autoconhecimento das aptitudes, intereses e motivacións de cada alumno/a para axudarlle na toma de decisións sobre o seu futuro académico e profesional, a través dunha orientación e asesoramento ao longo de todo o proceso formativo. A orientación académica e profesional será proporcionada de forma diversificada e individualizada, de acordo coas características e posibilidades do alumnado. Para acadar este obxectivo os/as titores/as e o DO poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Propiciar o auto-coñecemento do alumno/a: intereses, afeccións, aptitudes, condicións socio-familiares. Serán de utilidade diferentes tipos de cuestionarios, probas estandarizadas, etc.
- Coñecemento por parte do alumnado e das familias das posibilidades que lle ofrece o sistema educativo, opcións e itinerarios académicos e profesionais. Actuarase a través da intervención directa da orientadora, das actividades da titoría, da procura de información en diferentes webs educativas, etc.
- Propiciar no alumnado a auto-orientación, facilitando a reflexión e a análise para realizar a toma de decisións: titorías de 3º e 4º ESO, Bacharelato e PF.
- Desenvolver a capacidade do alumnado para analizar as vantaxes e inconvenientes das distintas opcións e itinerarios educativos e profesionais.
- Implicar ás familias no proceso, para que coñezan as diferentes opcións as que se enfrontan os seus fillos/as e apoien as decisións que tomen responsablemente. Entrevistas individuais a demanda ou sistemáticas.



4.1.7.- A avaliación do alumnado.

Poñeranse en práctica estratexias encamiñadas a:

- Facilitar ao alumnado os criterios polos que vai ser avaliado.
- Afondar nas modalidades de avaliación continua, formativa e, así como na transmisión de información ao alumnado do grupo e ós pais/nais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e ó rendemento académico: sesións titoría, reunións individuais coas familias.
- Traballar a auto-avaliación, a reflexión do alumnado sobre o seu propio proceso formativo, o análise dos obxectivos a curto prazo e dos factores que están a influír positiva ou negativamente no propio proceso de aprendizaxe: sesións titoría.

4.2.- **Estratexias referidas ás relacións titor/a-profesorado e titor/a-familias.**

4.2.1.- Relación do/a titor/a co DO.

Poñeranse en práctica estratexias conducentes a:

- Detectar e previr conductas do alumnado que dificulten o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinar as actividades orientadoras e titoriais do centro.
- Participar activamente no desenvolvemento do plan titorial.

4.2.2.- Relación do/a titor/a co profesorado.

Poñeranse en práctica estratexias referidas a:

- Informar ao resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de relevancia para a mellora do ensino-aprendizaxe ou da integración grupal.
- Promover a reflexión conxunta e o traballo en equipo.
- Organizar e dirixir as sesións de avaliación, nas que se terán en conta os seguintes aspectos:
 - Logros académicos nas diversas áreas, e evolución con respecto á avaliación inicial, ou avaliación precedente.
 - Situación educativa do alumnado con NEAE, valoración das MAD.



- Problemas de convivencia
- Conclusións e acordos adoptados.

O titor/a deberá informar ao alumnado e ás súas familias dos resultados da avaliación sinalando as orientacións e estratexias a seguir que se estimen oportunas.

4.2.3.- Relación do/a titor/a coas familias.

Poñeranse en práctica estratexias referidas a:

- Informar do desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos/as.
- Informar das MAD que se van levar a cabo e recabar a súa opinión, se é o caso.
- Asesorar na colaboración do control do estudo e na educación dos seus fillos/as.
- Orientalos na súa participación nas eleccións académico-profesionais dos seus fillos.

4.2.4.- Relación do/a titor/a coas empresas (PF).

Poñeranse en práctica estratexias referidas a:

- Coñecer a evolución do proceso de aprendizaxe do alumno/a.
- Saber a actitude, comportamento, e relacións laborais no ámbito da empresa.
- A responsabilidade no traballo e o cumprimento das obrigas.
- Impulsar a inserción laboral despois do período de formación.
- Axudar na resolución dos posibles conflitos que haxa co alumnado na empresa.

Para propiciar estas estratexias o recurso a utilizar serán as reunións e entrevistas cos responsables da empresa e co alumno/a.



5.- METODOLOXÍA E RECURSOS. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. RECURSOS

Dadas as características deste plan, a metodoloxía empregada na súa posta en práctica, no referente ao alumnado, favorecerá a *participación activa e cooperativa* de tódolos/as participantes implicados no mesmo.

O alumnado terá que: buscar información, manexar datos estatísticos sobre aspectos relacionados coa sociedade (por exemplo: horas empregadas por homes e mulleres no traballo doméstico, consumo de alcohol dos adolescentes...), resumirá os aspectos mais salientables das investigacións, elaborará conclusións traballando en pequeno grupo ou participando en debates nos que cada un aportará ideas ou exporá opinións, etc; todo isto fai que se teñan que utilizar e desenvolver as oito competencias clave no alumnado: comunicación lingüística; plurilingüe; matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería; dixital; persoal, social e aprender a aprender; cidadá; emprendedora; e conciencia e expresión cultural.

O profesorado guiará ao alumnado en todo o proceso da actividade e fomentará a participación de todos/as. Ó longo deste Plan quedaron expostos diferentes contidos e estratexias que favorecen o desenvolvemento das competencias clave no alumnado.

O profesorado reflexionará e traballará de xeito cooperativo a través de reunións e entrevistas conxuntas, que poderán ser de xeito telemático ou presencial.

Promoveranse as saídas e visitas a outros IES da zona, Universidades, empresas...

Recursos humanos.

A acción orientadora, en maior ou menor grado, é competencia de todos os implicados/as na labor educativa. Os obxectivos fixados neste plan así o poñen de manifesto, pois a súa consecución depende do esforzo compartido de todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa. Contamos tamén co equipo directivo e o DO.



Ademais do profesorado de materia e os titores/as, a mestra de PT prestará axuda ó alumnado que o necesite, de acordo cos criterios sinalados no PXAD. Contamos tamén cos seguintes profesionais: unha auxiliar técnico educativo, o profesorado PROA, e unha persoa UACO pertence ao programa RAOGAL.

Tamén compre sinalar a colaboración doutros profesionais externos ao centro que contribúen á realización da actividade orientadora.

Recursos materiais.

Os recursos e instrumentos materiais para levar á práctica este plan:

- Aula Virtual do IES.
- Documentación estratéxica do centro.
- Escalas de observación, tests, cuestionarios e probas psicopedagóxicas.
- Fichas acumulativas e expedientes do alumnado.
- Material escolar curricular.
- Material de reforzo educativo.
- Material editado pola Xunta.
- Bibliografía específica.
- Programas de acción titorial e asesoramento vocacional.
- Documentos sobre lexislación educativa.
- Folletos informativos.
- Medios audiovisuais e internet.

Importante.- Continuarase co proceso de dotar cos recursos necesarios ao departamento (principalmente no ámbito do material para a realización de avaliacións psicopedagóxicas e para o traballo sobre habilidades sociais). Tamén se continuará coa dotación de material específico para traballar co alumnado con Adaptación Curricular.

6- TEMPORALIZACIÓN

As actividades que tentarán a consecución dos obxectivos fixados neste plan (apartado nº 2), concréntanse de seguido e teñen un carácter flexible e revisable. As que pertencen ao ámbito da Acción Titorial concréntanse mais especificamente no PAT. Están agrupadas en tres períodos que se corresponden cos tres trimestres lectivos, aínda que haberá ter en conta que algunha delas desenvolverase ao longo de todo o curso. Reflicítese tamén o



ámbito de intervención ó que fan referencia e o axente encargado da súa realización.

1.- Primeiro trimestre:

- Distribución e asignación de titorías (B/Directora).
- Organización da acollida especialmente centrada en alumnado de 1º ESO, alumnado de novo ingreso, Bacharelato e alumnado de PF(B/Claustro).
- Priorización do aspecto emocional. (A/B/Titores/ DO/XDO/XE/PT)
- Deseño de actividades de promoción da saúde, en especial facendo fincapé na saúde emocional. (De ser necesario incluíranse as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19) (A/B/Titores/ DO/XDO/XE/PT)
- Coñecemento do grupo-clase (revisión de expedientes, cuestionario inicial de datos, avaliación inicial, ...) (A/Titores-as, profesorado, XDO).
- Información aos titores/as do alumnado con NEAE (A/profesorado apoio-XDO).
- Información sobre NOF (B/titores-as).
- Posibilidade da realización de sociogramas (B/Titores-as, XDO).
- Deseño e posta en práctica do programa de habilidades sociais, segundo necesidades detectadas (B/Titores-as, D.O.)
- Dereitos e deberes do alumnado (B/titores-as).
- Normas da aula ou do grupo (B/titores-as).
- Elección de delegado/a (B/titores-as).
- Presentación nas empresas e reunión co responsable (B/titores-as dos programas formativos).
- Constitución e reunións da C.C.P. (A.B.C/Directora).
- Constitución e reunións do DO (A/B/C/XDO).
- Reunións orientadora-titores/as (A,B,C/XDO-titores).
- Reunión orientadora- XE e/ou equipo directivo (A/B/C/XDO-equipo directivo).



- Adquisición de material e equipamento específico do DO (A.B.C./XDO).
- Inscripción en programas específicos e actividades ofertadas a nivel de titorías (B/titores-as).
- Elaboración do plan de orientación e o PAT. (basicamente modificación se as houberse) (A.B.C./XDO).
- Avaliación inicial do alumnado; detección de necesidades; toma de decisións sobre MAD (B/XDO/profesorado).
- Organización da atención ó alumnado con necesidades NEAE (A/profesorado de apoio-xefatura de estudos-XDO).
- Apoio ao alumnado con NEAE. (A/profesorado de apoio e profesorado durante todo o ano).
- Elaboración dos programas de traballo a desenvolver co alumnado con NEE (A/titores-as, profesorado de apoio, XDO).
- Avaliacións psicopedagóxicas para o alumnado que o precise (A/XDO durante todo o curso).
- Reunións do profesorado para coordinar tarefas (A.B/XE e profesorado durante todo o curso).
- Elaboración ou revisión das ACS, do alumnado que o precise (B/XE, titores-as, profesorado implicado, XDO).
- Seguimento de casos (A/Titores-as, profesorado de apoio, XDO).
- Seguimento do PAT en función das necesidades que vaian xurdindo durante todo o curso (programas a desenvolver) (B/Titores-as, D.O.).
- Posta en marcha das actuacións previstas no PXAD (A/profesorado implicado e XDO).
- Confección de fichas e rexistros para o DO.
- Información ó alumnado e ás familias de criterios de avaliación e de promoción e de titulación (B/Titores-as).
- Reunións colectivas coas familias (B/Directora, XE, DO, e titores-as), Información ás familias de horas de atención a pais/nais do DO, titores/as (B/Titores-as).
- Actuacións co alumnado de etnia xitana referentes á motivación cara o estudo e a titulación (B/Titores-as, profesorado de apoio).



- Tratamento dos temas transversais do currículo (prevención de drogodependencias, prevención do consumo de alcohol, tabaco e outras drogas, obradoiros de afectividade e sexualidade, ...) (B/Titores-as, especialistas externos).
- Comezar a OAP no 1º trimestre, priorizando os cursos mais elevados primeiro 4º ESO, 2º BACH, PF (B/CTitores/XDO)
- Sesións de avaliación (B/XE, profesorado, XDO).
- Información ao alumnado e ás familias dos resultados da avaliación (B/Titores-as) .
- Avaliación das actividades de titoría e auto-avaliación do alumnado do seu propio proceso educativo no primeiro trimestre (B/Titores-as).
- Entrevistas coas familias segundo demanda delas ou do profesorado. Entrevistas con outros profesionais dos servizos sociais, sanitarios ou educativos que puideran estar implicados na atención dalgún alumno/a (XDO).
- Revisión e seguimento do PAT (B/D.O.).
- Seguimento do PXAD (A.B.C/D.O.)

2.- Segundo trimestre:

- Análise dos resultados da 1ª avaliación, medidas a adoptar (A.B.C/Profesorado).
- Reunións da CCP. (A.B.C./Directora).
- Reunións do DO (A.B.C./XDO).
- Reunións orientadora-titores/as (A.B.C./XDO-titores).
- Reunión orientadora-XE e/ou equipo directivo (A.B.C./XDO-equipo directivo).
- Reunión do titor/a cós responsables das empresas (B/titores-as dos programas formativos.).
- Adquisición de material e equipamento específico do departamento de orientación (A.B.C./XDO).
- Seguimento de casos, MAD (A/Profesorado de apoio, titores-as, XDO).
- Avaliacións psicopedagóxicas para o alumnado que o precise (A/XDO durante todo o curso).



- Apoio ao alumnado con NEAE (A/profesorado de apoio e profesorado durante todo o curso).
- Elaboración ou revisión das ACS, do alumnado que o precise (A/XE, Titores-as, Profesorado implicado, XDO).
- Continuar coas actividades de promoción da saúde(A/B/Titores/DO/XDO/XE/PT)
- Continuidade na implementación do programa de habilidades sociais segundo necesidades detectadas (B/Titores-as, D.O.).
- Continuación coa OAP (C/titores-as, XDO)
- Información sobre o mundo laboral e o tecido empresarial da zona nos PF Básicos (C/titores-as dos grupos de FPB. XDO).
- Aplicación, nos grupos en que se considere necesario, de programas específicos de asesoramento individualizado (programa ORIENTA), (C/XDO).
- Seguimento do PAT en función das necesidades que vaian xurdindo durante todo o curso (programas a desenvolver) Actividades de tutoría (B/Titores-as, D.O.).
- Seguimento das actuacións previstas no PXAD (A/profesorado implicado e XDO).
- Actividades de motivación e expectativas cara o estudo, para o alumnado de etnia xitana e as súas familias (B/Titores-as, DO, profesorado de apoio).
- Visita ao IES do alumnado de 6º nivel dos centros adscritos (B.C/Titores-as, XDO, Orientadores CEIPs. e IES).
- Actividades específicas de OAP preferentemente para o alumnado de 4º E.S.O., 1º e 2º de Bach e PF (C/Titores-as, XDO).
- Actividades específicas de OAP dirixidas ás familias (C/Titores-as, XDO)..
- Continuación do tratamento dos temas transversais do currículo (programa de prevención do consumo de drogas da xunta, cadernos prevención do SIDA, educación vial, educación afectivo sexual...) (B/Titores-as, especialistas externos).
- Sesións de avaliación (B/XE/ profesorado, XDO).



- Información ao alumnado e ás súas familias dos resultados da avaliación (B/Titores-as).
- Entrevistas individuais da orientadora co alumnado e/ou familias.
- Avaliación de actividades de titoría e auto-avaliación do alumnado do seu propio proceso educativo no primeiro trimestre (B/Titores-as).
- Entrevistas coas familias segundo demanda delas ou do profesorado. Entrevistas con outros profesionais dos servizos sociais, sanitarios ou educativos que puideran estar implicados na atención dalgún alumno/a (XDO).

3.- Terceiro trimestre:

- Análise dos resultados da segunda avaliación; medidas a adoptar (A.B.C./Profesorado).
- Motivación cara a continuación de estudos co obxectivo de acadar os títulos das ensinanzas que se imparten no IES (Título de graduado en ESO, Título de Bacharel e Certificado de profesionalidade de nivel 1), ou ben motivalos para continuar con outros estudos e non abandonar o sistema educativo. Nivel grupal, individual e entrevistas coas familias.
- Continuación do tratamento dos temas transversais do currículo (programa de prevención do consumo de drogas da xunta, cadernos prevención do SIDA, educación vial, educación afectivo sexual...) (B/Titores-as, especialistas externos).
- Reunións da CCP (A.B.C./Directora).
- Reunións do DO (A.B.C./XDO).
- Reunións orientadora-titores/as (A.B.C./XDO-titores).
- Reunión orientadora-XE e/ou equipo directivo (A.B.C./XDO-equipo directivo).
- Reunión do titor/a cós responsables das empresas (B/titores-as dos PF).
- Continuidade na implementación do programa de habilidades sociais segundo necesidades detectadas (B/Titores-as, D.O.).
- De ser necesario, continuar coas actividades de promoción da saúde, (A/B/Titores/ DO/XDO/XE/PT)



- Adquisición de material e equipamento específico do DO (A.B.C./XDO).
- Seguimento de casos, MAD (A/Profesorado de apoio, titores-as, XDO).
- Seguimento das actuacións previstas no apartado 5.2j do PXAD (A/profesorado implicado e XDO).
- Avaliacións psicopedagóxicas para o alumnado que o precise (A/XDO durante todo o curso).
- Apoio ó alumnado con NEAE (A/profesorado de apoio e profesorado durante todo o curso).
- Revisión das ACS, do alumnado que o precise (A/XE, Titores-as, Profesorado implicado, XDO).
- Alumnado dos PF, Información sobre as posibilidades laborais e académicas (C/Titores-as, XDO).
- Información para a elección de materias optativas que o centro vaia ofertar na ESO e en Bacharelato. Asesoramento dos posibles itinerarios que poden xurdir da optatividade .(C/Titores-as, XDO).
- Alumnado que remata o ensino básico: Información sobre as posibilidades laborais e académicas (C/Titores-as, XDO).
- Alumnado que remata o Bacharelato: Información sobre as posibilidades laborais e académicas (C/Titores-as, XDO).
- Aplicación, nos casos que se considere necesario, de programas específicos de asesoramento individualizado (cuestionario intereses profesionais, programa ORIENTA), (C/XDO).
- Asesoramento individualizado, cando se considere necesario, nas decisións e eleccións académico-profesionais (C/Titores-as, XDO).
- Reunións para comentar as previsións sobre o alumnado susceptible de propoñerse para a súa inclusión en diferentes medidas de atención á diversidade (PDC, FPB FPB,...) o vindeiro curso (A/Titores-as, profesorado implicado, XDO).
- Sesións de avaliación final (B/XE, profesorado, XDO).
- Asesoramento individualizado para o alumnado, que remata ESO, Bacharelato e os PF(A.B.C/Titores-as, XDO).



- Actividades de coñecemento das etapas de ESO, e Bacharelato para o alumnado dos centros adscritos (B.C/Titores-as, Orientadores CEIPs. e IES).
- Visita da orientadora e do xefe de estudos aos CEIPs e CPI adscritos (B/C/Orientadora e Xefe de estudos).
- Visita ao IES por parte do alumnado e de familias dos centros adscritos que non lles fose posible asistir á visita da 2ª avaliación, e alumnado que non procede dos centros adscritos (B.C/Titores-as, Orientadores CEIPs. e CPI). Farase previsiblemente de xeito individual.
- Avaliación das MAD (A/XE, profesorado, D.O.)
- Avaliación da acción titorial (B/XE, D.O.).
- Avaliación da OAP (C/XE, D.O.).
- Entrevistas individuais con alumnado e familias que foron propostos para determinadas MAD o próximo curso (A/Titores, XDO).
- Elaboración da documentación correspondentes ás MAD que se implementen o vindeiro curso (A/XDO).
- Revisión e seguimento do PAT (B/D.O.).
- Elaboración da memoria final do departamento (A.B.C/XDO).

CLAVES DE INTERPRETACIÓN

A.- Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.

B.- Acción titorial.

C.- Orientación académico-profesional.

DO.- Departamento de orientación.

XDO.- Xefatura do departamento de orientación.

XE.- Xefatura de estudos.

PT.- Profesora de apoio.



7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

O presente plan tenta atender ás necesidades reais do centro. Ditas necesidades adoitan aparecer a través da dinámica do centro ou nas avaliacións que se realizan (especialmente na avaliación inicial). Detéctanse así as necesidades de orientación a nivel centro, a nivel profesorado, a nivel alumnado e a nivel familias. Para responder ás devanditas necesidades fórmulanse uns obxectivos e plantéxanse unhas liñas de actuación e unhas actividades.

En vista do anterior, ó longo de cada trimestre reflexionárase sobre como se vai desenvolvendo o plan no seu conxunto, ao tempo que se tomarán as medidas correctoras que se estimen oportunas. Para elo atenderase, principalmente, aos seguintes indicadores:

- Adecuación e suficiencia dos obxectivos do plan.
- Grao de consecución dos obxectivos.
- Pertinencia das liñas prioritarias de actuación
- Idoneidade das estratexias de intervención propostas.
- Adecuación e utilidade das actividades e/ou materiais suxeridos ao profesorado e titores-as.
- Suficiencia de materiais, actividades e recursos programados.
- Dificultades atopadas na implementación das actividades planificadas
- Grao de satisfacción e interese das actividades propostas
- Adecuación da distribución temporal das actividades previstas

Poderán empregarse como instrumentos para a determinación destes indicadores, os seguintes:

- Cuestionarios de avaliación dirixidos aos destinatarios das intervencións.
- Reunións do DO.
- Reunións da CCP.
- Actas das reunións de coordinación.

Todo este proceso rematará coa elaboración da memoria final do curso, na cal se recollerán os datos e valoracións máis significativos obtidos no proceso de avaliación. Estes datos e valoracións serán tidos en conta á hora de elaborar o plan do vindeiro curso.



Ferrol, 15 de setembro de 2023

Xefa Dpto. Orientación.

Asdo.: Ana Belén García Caruncho.



ANEXO:

PLAN DE ACTUACIÓN DOS CENTROS ADSCRITOS.

Dado que os tres centros adscritos contan cun departamento de orientación, atendido cada un deles por unha orientadora, o plan de actuación incidirá sobre o seguinte:

- Coordinación na planificación da orientación e da acción tutorial.
- Intercambio e préstamo de material e recursos do departamento.
- Seguimento dos plans de actuación.
- Colaboración na intervención doutros axentes educativos externos ao centro.
- Información sobre o alumnado con NEAE que promociona a secundaria e a Bacharelato.
- Colaborar nas actividades que faciliten o tránsito de EP a ESO, así como no tránsito da ESO a Bacharelato.
- Coordinación nas actuacións de orientación académica ao alumnado que vai incorporarse a unha nova etapa educativa.
- Avaliación dos plans de actuación dos departamentos.

TEMPORALIZACIÓN:

Con carácter xeral, manteremos contacto cando menos tres veces durante o curso, que se fará corresponder con cada un dos trimestres correspondentes. De ser posible farase de xeito presencial, e se non o é, a través do teléfono, correo electrónico, videoconferencias....

Realizaranse tódalas reunións que se consideren oportuno cos medios dos que dispoñemos.